

Autora: **URSULA WÖLFEL**  
Ilustrador: **JOÃO VAZ DE CARVALHO**  
Tradución: **FRANCK MEYER**

Encadernado en cartón  
68 páxinas a toda cor. 15,5x23,5 cm.  
Dispoñible en:


- Galego: "28 historias para rir"  
Seteleguas. ISBN 978-84-8464-599-3
  - Castelán: "28 historias para reírse"  
Sieteleguas. ISBN 978-84-96388-46-8
  - Portugués: "28 histórias para rir"  
Livros para Sonhar ISBN 978-972-8781-54-5
- Prezo: 12 €

## 28 HISTORIAS PARA RIR

**Unha vez un home tiña tanta présa que quería non precisar ningún tempo para nada.**

**Había un paxaro tan voraz que non aturaba ver que os outros paxaros tivesen algo que picar.**

**Unha vez había unha porca que sempre se enfadaba cando a xente lle chamaba "porca". Prefería que lle chamasen Rosa.**



- **Temática:** relatos breves de humor
- **Idade recomendada:** dende 6 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións de gran colorido, baseadas no 'nonsense'
- **Aplicacións:** escrita creativa, xogar co absurdo

Trala publicación de "27 historias para tomar a sopa", KALANDRAKA continúa editando a serie completa de relatos breves de Ursula Wölfel. Trátase dun xénero que os lectores infantís devoran con verdadeiro interese, sobre todo porque contan cun apoio visual de gran atractivo, a base de ilustracións nas que o deseño e a cor xogan un papel moi importante de complemento ao texto.

Historias sinxelas, que invitan a debuxar un sorriso; baséanse no 'nonsense' e teñen moita carga surrealista, pero sempre deixan un pouso de lóxica. Por moi inverosímil e disparatada que soe a historia, o lector acabará sendo solidario e comprensivo cos comportamentos estraños dos personaxes: actúan como actúan porque así ten que ser, con toda a razón do mundo.

Agrada a lectura das "28 historias para rir" porque cada relato contén escintileos brillantes de enxeño, porque cada un alimenta a imaxinación do lector e porque nos transportan a un mundo onde todo é posible. A triloxía complétase con "29 historias disparatadas", publicada tamén por KALANDRAKA en galego, castelán e portugués.

### ÚRSULA WÖLFEL

(Ruhrgbiet, Alemaña. 1922)  
Cambiou Ruhrgbiet, unha coñecida cidade industrial, por Heidelberg, onde cursou estudos de Xermanística. Trala II Guerra Mundial traballou como axudante de escola, aprendeu Pedagogía e

incorporouse como profesora nunha escola para nenos con necesidades educativas especiais.

En 1959 escribiu o seu primeiro libro para nenos e co tempo converteuse nunha das autoras de maior éxito para o público infantil. Pertence ao PEN Clube desde 1972 e recibiu prestixiosos galardóns: polo conxunto da súa obra obtivo en 1991 o Premio de Literatura Infantil e Xuvenil de Alemaña.

### JOÃO VAZ DE CARVALHO

(Fundão, Portugal. 1958)

Pintor, faceta que desenvolveu no obradoiro de Vasco Berardo, en Coimbra, entre 1981 e 1984. Como ilustrador colaborou dende 1988 en revistas como Marie Claire, Cosmopolitan, Exame, Gentleman, Pais & Filhos e Diário de Notícias/Notícias Magazine. Tamén ilustrou álbums infantís e portadas de libros para editoriais como Caminho e Presença. Participou en varias exposicións de pintura.

